

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 28 de decembro de 2018, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

BASES DE SUBVENCIONS PARA A DINAMIZACION LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2019 (PROCEDEMENTO SIA 687911)

No artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa Constitución española, establécese que “a lingua propia de Galicia é o galego” e “os poderes públicos de Galicia garantirán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétase que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma galega”. Tamén, no seu artigo 4.1, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma”.

No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén da súa Administración local”.

A Deputación de Pontevedra pretende consolidar o uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación nos concellos da provincia e coas súas administradas e administrados.

A institución provincial constitúe unha importante vía de dinamización lingüística xa que realiza a súa actuación pública a través dos concellos da provincia e directamente coa cidadanía.

A dinamización lingüística enténdese como o proceso de promoción da lingua galega, que se leva a cabo mediante accións ou actividades (sensibilización lingüística, formación etc.), polo que a través desta convocatoria se pretende incrementar o uso desta lingua en toda a sociedade e, neste caso en particular, na provincia de Pontevedra.

Primeira. Obxecto

A Deputación convoca axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a:

- a. Creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística
- b. Promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega en concellos ou entidades locais menores da provincia que non as soliciten para o servizo de normalización lingüística

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e á realización de actividades para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019, e farase con cargo á aplicación 19/330.3260.462.04 do Orzamento provincial para o ano 2019 por un importe total de 300.000,00 €, distribuídos da seguinte maneira:

- a. Creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística: cento cincuenta mil (150.000,00) euros
- b. Promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega en concellos ou entidades locais menores da provincia que non as soliciten para o servizo de normalización lingüística: cento cincuenta mil (150.000,00) euros

Segunda. Perfil técnico e funcións dos servizos de normalización lingüística

A actividade dos servizos lingüísticos locais deberán desenvolverla técnicas ou técnicos que posúan as seguintes titulacións:

- a) Grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, licenciaturas equivalentes a eses graos ou outras titulacións superiores pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociais, sempre que estean en posesión do Certificado de Lingua Galega do nivel 5 (Celga 5)

Este persoal técnico deberá estar encadrado dentro do grupo I de cotización do réxime xeral da Seguridade Social.

- b) No caso das entidades que soliciten a subvención para o mantemento dun servizo lingüístico creado con anterioridade ao ano 2007, poderán acceder ás subvencións aquelas que contén con persoal fixo que posúa a titulación de mestra ou mestre con diploma de Especialista en Lingua Galega ou co certificado do Curso Superior de Linguaxe Administrativa, ou as licenciaturas e graos previstos no apartado a) desta base

As funcións dos servizos de normalización lingüística que se acollan a esta convocatoria, tanto internas como externas, serán, entre outras, as seguintes:

- a) Funcións xerais internas:
 - ✓ Asesorar a Administración municipal en todo o relacionado coa política lingüística
 - ✓ Velar polo cumprimento da lexislación lingüística por parte da institución
 - ✓ Informar sobre a conveniencia, oportunidade, métodos etc. para incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou actividades de índole diversa do concello e colaborar na súa especificación, deseño e materialización

- ✓ Emitir informes sobre a oportunidade e a conveniencia das accións do concello con respecto ao fomento do uso e do prestixio da lingua galega
 - ✓ Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e axudar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos das persoas aspirantes
- b) Funcións de dinamización sociolingüística:
- ✓ Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade
 - ✓ Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade
 - ✓ Propoñer programas dinamizadores e accións concretas que conciencien a sociedade respecto ao uso e ao prestixio da lingua galega e a impliquen no proceso normalizador
 - ✓ Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil etc. para fomentar o uso e o prestixio do galego
 - ✓ Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade
- c) Funcións de formación sociolingüística:
- ✓ Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da Administración como para os diferentes sectores sociais
 - ✓ Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos etc.
 - ✓ Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e na elaboración de contidos destinados á mellora das actitudes lingüísticas
- d) Funcións de asesoramento lingüístico:
- ✓ Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración
 - ✓ Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos
 - ✓ Revisar e validar lingüísticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios, impresos, publicacións etc.) para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva
 - ✓ Resolver dúbidas lingüísticas

e) Funcións de coordinación e apoio entre a Deputación e os concellos:

- ✓ Apoiar e difundir as accións dinamizadoras desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra
- ✓ Coordinarse coa Deputación e con outros concellos para planificar e executar accións conxuntas de normalización
- ✓ Participar en xuntanzas e encontros de traballo e coordinación que a Deputación convoque e nos grupos de traballo que se creen para a planificación de accións normalizadoras conxuntas

Terceira. Beneficiarias e beneficiarios

Poderán solicitar estas subvencións os concellos, as agrupacións de concellos ou as entidades locais menores da provincia de Pontevedra, de ata un máximo de 50.000 habitantes, que conten cun servizo de normalización lingüística, que pretendan crealo, ou que, carecendo del, realicen programas de dinamización da lingua galega.

Cuarta. Presentación de solicitudes e prazo

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación das bases no BOPPO e rematará o 8 de febreiro de 2019.

Quinta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sexta. Documentación

As entidades e os concellos interesados poderán presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

No caso das agrupacións de concellos, as entidades que forman a unión non poderán presentar solicitudes individualmente.

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa, asinada pola persoa solicitante, segundo o caso:

- ✓ Do servizo de normalización lingüística, na que se indique o persoal contratado e o seu perfil técnico (titulación)
- ✓ Dos proxectos para a promoción e o desenvolvemento de programas de dinamización, previstos para o ano 2019, coa que deberán presentar:
 - A Ordenanza ou Regulamento de uso da lingua galega no concello aprobada polo Pleno da Corporación ou o compromiso da súa aprobación no ano 2019 para aqueles concellos que non teñan acreditada a súa presentación
 - Unha proposta detallada que contemple todas as actuacións e as accións transversais para o ano 2019 en cada unha das áreas de goberno. Esta deberá incidir obrigatoriamente en, polo menos, tres dos seguintes eidos, de cara a reforzar a presenza do galego neles:
 - Ensino: primando a colaboración cos equipos de normalización dos centros educativos
 - Comercio e industria: promovendo o uso do galego nas actividades comerciais ou industriais
 - Tecnoloxías da información e da comunicación: primando a consecución do dominio .gal. No caso dos soportes tradicionais deberán incluírse, ademais da edición do 100 % en lingua galega, outras cuestións relativas á lingua, coma a toponimia ou a sociolingüística. Tamén serán subvencionables as ferramentas adquiridas para que o funcionariado mellore as súas competencias lingüísticas

- Turismo: destinadas á promoción turística a nivel galego, nacional e internacional, poñendo de relevo a relación cos países lusófonos
- Premios e distincións desde os concellos: ao labor de fomento do galego entre persoas e colectivos veciñais, deportivos, culturais e ambientais. Apoio á creación en lingua galega, priorizando os eidos onde estea menos presente. Neste caso tamén será subvencionable a edición ou compra de materiais destinados a tal fin
- Urbanismo e medio natural: adecuación e adaptación da sinalización de elementos urbanos e naturais á toponimia oficial
- Benestar social e igualdade: accións encamiñadas á dinamización do galego en colectivos coma a mocidade, as persoas maiores e as mulleres, ademais daqueles que se atopen en risco de exclusión social

b) Orzamento de gastos, total e desagregado (coas cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado) previsto para a realización das accións para as que se solicita a axuda, asinado pola persoa solicitante.

Non serán subvencionables os proxectos cun orzamento inferior a tres mil (3.000,00) euros

c) As agrupacións de concellos que se constitúan para a creación ou mantemento en común deste servizo presentarán:

- ✓ O acordo de solicitude da agrupación de concellos
- ✓ O nomeamento dunha persoa como representante legal para estes efectos
- ✓ Unha declaración na que se indique que concello vai recibir o importe da axuda e da documentación que deberá presentar para o pagamento e xustificación

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Sétima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento terán que realizarse electronicamente a través do modelo “Instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Oitava. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións a conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura e Lingua, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

Unha vez efectuado o estudo de cada solicitude elaborárase un informe-proposta de concesión de subvencións que, previo informe de fiscalización de Intervención, se someterá á aprobación do órgano competente, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Décima. Concesión

As axudas económicas obxecto desta convocatoria destinaranse ao financiamento das retribucións do persoal técnico dos servizos de normalización lingüística municipais ou á realización de programas de dinamización da lingua galega.

No caso dos servizos de normalización, os concellos ou, no seu caso, o concello representante dunha agrupación de concellos, serán os encargados de pagar directamente as súas nóminas e a seguridade social.

A Deputación achegaralle a cada concello, agrupación de concellos ou entidade local menor solicitante un 75 % do orzamento de gastos do servizo de normalización lingüística, ata un máximo de quince mil (15.000) euros.

No caso das axudas para a promoción e a dinamización do galego a institución provincial achegará un 75 % do orzamento de gastos, ata un máximo de oito mil (8.000) euros.

En ambos os casos o organismo provincial contribuirá con estas porcentaxes e cantidades máximas, tendo en conta, en todo caso, a dispoñibilidade orzamentaria.

Non obstante, no caso de que existise aforro tras a repartición das cantidades en función do número e importe das subvencións solicitadas, as axudas incrementaranse proporcionalmente ata chegar ao máximo establecido nesta base 5. Deste xeito, destinarase un 60 % do aforro para a liña de creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística e un 40 % para a liña de promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega en concellos ou entidades locais menores da provincia que non soliciten a subvención para o servizo de normalización lingüística.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade ou investimento da ou do beneficiario.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás e aos interesados conforme ao previsto no artigo 40 da LPACAP.

Décimo primeira. Xustificación

As e os beneficiarios da subvención, unha vez concedida, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos á finalidade concreta para a cal se concederon, de acordo co proxecto achegado na solicitude.

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as e os beneficiarios deberán xustificalas antes do 20 de febreiro de 2020.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "Instancia xenérica" dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>:

1. No caso de que a subvención se conceda para a creación de novos servizos lingüísticos:
 - ✓ Certificación da persoa responsable da Secretaría ou Secretaría-Intervención da entidade local na que se faga constar a realización da contratación, a duración desta, o pagamento das retribucións e a categoría profesional do persoal técnico dos servizos lingüísticos locais, ademais das axudas recibidas para a mesma finalidade
 - ✓ Copia compulsada da titulación requirida e, se é o caso, do Celga 5
 - ✓ Memoria da realización da actividade e do cumprimento da finalidade da subvención
 - ✓ Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que inclúan o logo da Deputación de Pontevedra-Ano da Música

2. No caso das axudas para mantemento ou reforzo dun servizo lingüístico xa existente:
 - ✓ Certificación da persoa responsable da Secretaría ou Secretaría-Intervención da entidade na que conste que o servizo lingüístico xa estaba creado na data de publicación desta convocatoria; na que se indique expresamente a data de creación do servizo lingüístico, o pagamento das retribucións e a categoría profesional do persoal técnico dos servizos lingüísticos locais, e na que se declaren, así mesmo, as axudas recibidas para a mesma finalidade
 - ✓ Copia compulsada da titulación requirida e, se é o caso, do Celga 5
 - ✓ Memoria da realización da actividade e do cumprimento da finalidade da subvención
 - ✓ Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que inclúan o logo da Deputación de Pontevedra-Ano da Música

3. No caso das subvencións concedidas para a promoción e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega en concellos, agrupacións de concellos ou entidades locais menores da provincia que non soliciten a axuda para o servizo de normalización lingüística:

- ✓ Memoria da realización da actividade e do cumprimento da finalidade da subvención na que se especifique a transversalidade desta e a súa visualización por parte da sociedade
- ✓ Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade
- ✓ Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, que reflecta que os gastos que figuran na antedita conta xustificativa son reais e que se destinaron á finalidade para a que foi concedida a axuda
- ✓ Os gastos xustificados deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida
- ✓ Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, e establécese unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado que non debe superar o 20 %
- ✓ Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que inclúan o logo da Deputación de Pontevedra-Ano da Música

Décimo segunda. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- ✓ No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- ✓ No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por medio dunha transferencia á conta bancaria indicada pola ou polo perceptor.

CU_A/18

10

Décimo terceira. Incumplimento

Se o prazo de xustificación sinalado na base oitava vence sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura e Lingua requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo cuarta. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas nos seguintes casos:

- a) Por obtelas falseando as condicións requiridas
- b) Por non destinalas aos fins para os que foron concedidas
- c) Por incumplir a ou o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Décimo quinta. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2019 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Décimo sexta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia os datos persoais recadados neste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo oitava. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que as ditou, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen contestar. Neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data en que o recurso de reposición se entenda desestimado.

Décimo novena. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2019, na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento.